

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**Modelo MD81PLA01**

# **Proxecto educativo do CMUS Profesional de Santiago de Compostela**

**Periodo: 2021 – 2025**



## ÍNDICE

---

1.	Descrición do contorno social, cultural e económico.....	3
2.	Obxectivos do conservatorio.....	10
3.	Medidas e recursos de organización e de xestión.....	12
4.	Relacións con institucións, organismos ou entidades.....	13
5.	Oferta formativa.....	14
6.	Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico.....	19
7.	Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.....	21
8.	Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	21
9.	Directrices para o funcionamento adecuado das titorías.....	24
10.	Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.....	28
11.	Plan de avaliación.....	29
12.	Proxecto lingüístico.....	32

---

## 1. Descrición do contorno social, cultural e económico

---

### A Contorna Sociocultural no Concello

#### Santiago de Compostela e a súa contorna

Santiago de Compostela é unha cidade de tamaño medio, se miramos unicamente ao seu padrón de habitantes, uns 95.000, cunhas peculiaridades que a fan diferenciarse doutras cidades galegas cunha poboación similar:

A súa condición de Capital da Comunidade Autónoma, o que a converte nunha cidade de servizos, coexistindo cunha área de influencia ampla que ten unha forte presenza rural.

A amplitude desta área de influencia, só comparable en número de persoas ás áreas de Vigo ou A Coruña.

A súa realidade histórica como cidade universitaria de referencia en Galicia, o que incrementa a condición de cidade de servizos, pero tamén trae consigo unha forte presenza estudantil non permanente, que non computa a efectos oficiais, pero si demanda servizos e espazos educativos.

A crecente consideración internacional da cidade como destino turístico de importancia histórica; o que implica a organización e presenza na mesma de todas as infraestruturas que representen a cultura e a tradición, tamén e moi por suposto a musical.

Deses datos anteriores extráense tres consecuencias básicas:

A conciencia pública de “cidade cultural”, realidade que é consecuencia tanto da presenza institucional como do peso histórico da universidade ou o arcebispado e as súas celebracións e rituais, máis tamén dunha forte presenza da xuventude “creadora” e “demandante” de todas as manifestacións culturais posibles, demanda que non só

debe entenderse como de consumo, senón mesmo de formación e práctica.

A cidade, e parte da máis inmediata contorna, poderíase considerar como maioritariamente dependente do sector servizos, cun nivel económico elevado mantido sobre a base dos salarios dos moitos empregados públicos que a poboan, e que coexiste cun amplo sector de profesionais e comerciantes na cidade, e un grande sector agrícola e gandeiro considerando a comarca en sentido amplo.

A tradición da cidade como centro neurálxico dunha ampla zona xeográfica, na que atende non só á súa comarca oficial (165.361 habitantes), senón mesmo as do Sar, a Barcala, o Xallas ou boa parte de Ordes, e secundariamente ás moi poboadas de Noia ou o Barbanza. Falando de atención dende o punto de vista comercial, sanitario e administrativo, máis tamén dende o punto de vista formativo, que é o que lle acae a esta contextualización.

De todo isto, extráese como consecuencia que Santiago de Compostela é unha cidade que só pode considerarse dentro dunha ampla e variada contorna, que existe unha influencia radial de grande peso nos concellos máis achegados, pero que chega a alcanzar a toda Galicia pola súa condición de centralidade administrativa e xeográfica.

Por outra parte, a poboación desta contorna, e da propia cidade, a súa dependencia do sector servizos e a existencia dun sector económico moi estable, fai que as expectativas familiares en canto á formación dos seus fillos e fillas inclúan o aspecto musical, e que o inclúan como formación regulada e oficial.

## **A Cultura e a Cidade de Santiago de Compostela**

Dende o punto de vista cultural, arquitectonicamente é unha cidade de referencia mundial é con un amplo movemento cultural que se desenvolve historicamente ligado ao Camiño de Santiago. Conta ademais co Campus Universitario mais importante da nosa Comunidade o que fai que anualmente se desprace á cidade gran cantidade de alumnado en período lectivo en busca de formación universitaria.

Xa no ámbito musical conta na actualidade con unha Orquestra Sinfónica profesional con

un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable.

Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

## O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade, construído no ano 2004.

É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento.

Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

O Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela ten como Centros adscritos administrativamente aos seguintes Centros:

- CEMU Manuel Peleteiro.
- CEMU Profesional Contrapunto Histórico de Santiago de Compostela.
- CEMU Elemental ALCA.
- CEMU Estudio
- CMUS Profesional Federico Paz Carbajal de Noia.
- CMUS Profesional de Ribeira.

## Distribución do Centro

O edificio conta cun **total de 62 dependencias** distribuídas da seguinte maneira:

Planta soto:

- 1 local da ANPA
- 15 cabinas de estudo
- 1 aulas de orquestra
- 2 aulas de percusión
- 2 aulas con piano
- 1 Auditorio

Planta baixa:

- 1 Biblioteca, fonoteca e videoteca
- 1 Sala de profesorado
- 9 aulas instrumentais
- 1 aula de música de cámara
- 1 Aula de informática
- 1 Aula de audiovisuais

Planta primeira:

- 16 aulas instrumentais
- 9 aulas non instrumentais
- 2 aulas de música de cámara

A zona de Administración e servizos está distribuída como sigue:

Planta soto:

- Almacén de material e arquivo
- 2 vestiarios
- Almacén de limpeza
- Cuarto de lavandería

Planta baixa:

- Conserxería

- Secretaría
- 3 despachos de cargos directivos.

## As familias

As familias presentan unha grande heteroxeneidade, tanto en canto a nivel socioeconómico como cultural. **A implicación da familia nos estudos de música é moi importante** xa que tales estudos levados a cabo no conservatorio precisan de unha madurez, disciplina, esforzo e constancia elevados, razón pola cal, sen o apoio da familia, da súa comprensión e do seu coñecemento, a medio e longo prazo están condenados moitas veces ao fracaso. Ese é o motivo polo que se considera que implicando e integrando ás familias no ensino musical do conservatorio, os resultados académicos poderían mellorar substancialmente.

## O Profesorado

O Claustro de Profesorado do Conservatorio está formado por un total de 57 profesoras/es con unha media de idade do entorno de uns 45 anos e dos que a súa meirande parte son Funcionarias/os do Corpo de profesorado de Música e Artes Escénicas con destino definitivo no noso Centro o que dota ao Conservatorio de gran estabilidade no tocante ao seu persoal.

O Profesorado agrúpase nos seguintes Departamentos:

- DEPARTAMENTO DE PIANO
- DEPARTAMENTO DE PIANO ACOMPAÑANTE
- DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
- DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL

- DEPARTAMENTO DE CONXUNTO
- DEPARTAMENTO DE CORDA PULSADA
- DEPARTAMENTO DE CANTO
- DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA
- DEPARTAMENTO DE VENTO METAL
- DEPARTAMENTO DE PERCUSIÓN
- DEPARTAMENTO DE CORDA FRICCIONADA

## O alumnado

O alumnado do noso Conservatorio no curso 2020-21 está formado por **522 alumnos/as** repartidos segundo a táboa que segue:

<b>ALUMNADO DO CMUS SANTIAGO NO CURSO 2020-21</b>			
Grao Elemental		Grao Profesional	
Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
102	86	189	141
Total Grao elemental		Total Grao Profesional	
188		330	

En Santiago de Compostela conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas; temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico polo xeral medio e medio-alto que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais; por outro lado temos alumnado do contorno



mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo etc, con unhas inxuedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, en algúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda temos unha variable mais; Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc, co que a organización do centro se converte en mais complexa pero non por elo menos interesante, xa que todo isto serve de enriquecemento mutuo ao alumnado que convive no Centro.

O alumnado que realiza os seus estudos actualmente no CMUS Profesional de Santiago de Compostela por especialidade é o seguinte:

ALUMNADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Nº DE ALUMNAS/OS		
ESPECIALIDADE	ELEMENTAL	PROFESIONAL
Canto	0	14
Contrabaixo	5	8
Clarinete	16	36
Fagot	4	7
Frauta traveseira	9	20
Guitarra	25	31
Óboe	7	10
Percusión	15	19
Piano	31	54
Saxofón	8	18

Trombón	5	7
Trompeta	9	15
Trompa	4	14
Tuba	2	11
Viola	10	6
Violín	28	40
Violonchelo	10	20

En canto a alumnado, hoxe o centro ten unha demanda moi elevada, tódolos anos queda alumnado sen posibilidade de acceso por falta de espazo.

## O persoal de administración e servizos

O persoal de administración e servizos do CMUS Profesional de Música de Santiago de Compostela está formado por un Administrativo que se encarga da xestión da oficina e documentación do Centro, tres subalternas e dúas limpadoras que se encargan da limpeza das dependencias do Centro.

## 2. Obxectivos do conservatorio

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela ten como obxectivo ser un Centro de ensino musical vivo, aberto, integrador e innovador, que responda as necesidades da cidade e da contorna e que se converta en núcleo dinamizador da música e da cultura en xeral.

Pretende ser un Centro onde o ensino musical contribúa á formación integral do alumnado, a afianzar a súa personalidade, a dotalo de capacidade crítica, seguridade, autonomía persoal, e favoreza a súa autoestima na busca constante de mellora intelectual e persoal.

**As Directrices sobre as que estarán baseados os obxectivos do Centro son as seguintes:**

- 1) Proporcionar ao alumnado unha formación artística integral de calidade e garantir

a cualificación dos futuros profesionais da música.

- 2) Formar, orientar e preparar ao alumnado para estudos posteriores.
- 3) Fomentar na comunidade educativa e na sociedade a valoración dos estudos musicais como fonte de riqueza cultural e persoal.
- 4) Fomentar o uso da lingua galega en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e fomentar a cultura galega no ámbito artístico e en coordinación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- 5) Fomentar o uso de linguas estranxeiras a través das seccións bilingües e o intercambio de alumnado e profesorado a través do proxecto erasmus+.
- 6) Promover unha ensinanza baseada na solidariedade, no esforzo e na igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- 7) Promover a participación e implicación de nais e pais no proceso educativo, tanto a nivel individual como asociativo.
- 8) Contribuír na dinamización da oferta cultural, e en especial da musical na cidade, establecendo canles de colaboración cos diversos centros educativos e culturais da contorna.

## Obxectivos xerais

- OBX 1. Potenciar a innovación educativa, a formación do profesorado e a creación de materiais didácticos propios para uso do Centro .
- OBX 2. Continuar a demandar da Administración Educativa a ampliación das instalacións do Centro.
- OBX 3. Solicitar a implantación de novas especialidades no noso Conservatorio, (vinculadas ao aumento de espazo no mesmo).
- OBX 4. Promover o contacto con outros Centros de alumnado e profesorado.
- OBX 5. Mellorar no posible as instalacións e a súa eficiencia enerxética.
- OBX 6. Favorecer a coordinación entre os departamentos e entre o profesorado en xeral.

- OBX 7. Promover o emprego de medios de xestión electrónica para os procedementos do Centro tales como matrícula, trámites administrativos reducindo o emprego de papel na medida do posible.
- OBX 8. Propiciar a colaboración dentro da rede de conservatorios da Xunta de Galicia.
- OBX 9. Levar a cabo actividades coa participación do noso alumnado en espazos culturais co obxectivo de mellorar a súa formación.
- OBX 10. Prestar atención ao cumprimento da LEI ORGÁNICA 2/2007, do 20 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### **3. Medidas e recursos de organización e de xestión**

---

1. Participar como Centro nos PFPP que se ofertan dende o CAFI. (OBX.1).
2. Promover a ampliación do Conservatorio para adaptalo á demanda existente na cidade. (OBX. 2).
3. Promover a implantación no Centro de novas especialidades. (OBX. 3).
4. Elaborar un estudo para a posible implantación de paneis solares na cuberta do edificio. (OBX. 5)
5. Cambiar a iluminación do auditorio do Centro por unha máis eficiente e de maior calidade. (OBX. 5)
6. Solicitar a dotación das aulas construídas nos últimos cursos. (OBX. 5).
7. Traballar na coordinación e homoxeinización dos obxectivos, e na temporalización dos contidos, criterios de avaliación e de cualificación entre as diferentes materias de cada curso. (OBX. 6).
8. Implantar a matrícula on line no Centro. (OBX. 7).
9. Propoñer a homoxeinización de prazos e procedementos dentro da rede de Conservatorios da Xunta respectando a autonomía organizativa e pedagóxica de cada Centro. (OBX. 8).

10. Implantar o intercambio internacional vinculado ao programa Erasmus+. (OBX.1).
11. Realizar anualmente actividades que poñan en valor o papel da muller e á súa relevancia no ámbito da composición, dirección ou interpretación musical. (OBX.10).

## **4. Relacións con institucións, organismos ou entidades**

O Conservatorio de Música Profesional de Santiago de Compostela e un Centro educativo que, como se expuxo anteriormente, depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Forma parte da Administración Educativa e como tal é unha Institución ao servizo da cidadanía.

Como tal Institución Pública, para acadar os seus fins de carácter educativo debe de buscar aumentar as sinerxias que se poidan producir co resto de institucións públicas e privadas na procura da mellor formación para o noso alumnado e na busca de obxectivos comúns co resto de institucións da cidade.

Na cidade de Santiago de Compostela e na súa contorna podemos atopar numerosas institucións de carácter educativo, CEIPs, IES, Escolas de Artes, Escolas de Música, etc, de carácter cultural como (citamos solo as mais senlleiras) Orquestra Real Filharmonía de Galicia, Banda Municipal de Santiago, numerosos coros, orquestras, bandas, etc.

O Conservatorio posúe obxectivos que son comúns a moitas de estas institucións, razón pola cal traballar conxuntamente con elas pode mellorar o éxito do noso traballo.

Integrar o Conservatorio na cidade é unha das tarefas máis necesarias para o correcto funcionamento do Centro, por varias razóns:

- Para dalo a coñecer entre a cidadanía e mellorar a súa proxección social.

- Para aumentar o fluxo de alumnado que asiste a formarse no conservatorio.
- Para formar parte activamente da programación cultural e musical da contorna.

Os obxectivos en relación con este apartado son os seguintes:

- A colaboración activa coas institucións educativas e culturais da cidade, incluso coa participación activa, en actividades que poidan mellorar a formación, motivación ou proxección do noso alumnado.
- A colaboración, na programación de actividades comúns, con outras institucións educativas.
- A colaboración con Institucións culturais, especialmente as de carácter musical, cando programen actividades que poidan ser de utilidade para o noso alumnado.

## 5. Oferta formativa

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela é un Centro de ensino musical dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. No Conservatorio impártense as materias correspondentes ao Grao Elemental e Profesional de música reguladas respectivamente nos decretos 198/2007 e 203/2007 de 27 de setembro respectivamente.

A estrutura das ensinanzas por curso e especialidade é a seguinte:

<b>GRAO ELEMENTAL</b>	
(SEGUNDO O DECRETO 198/2007 DE 27 DE SETEMBRO)	
CURSOS 1º, 2º, 3º, 4º	
MATERIA	DURACIÓN

INSTRUMENTO	60 MINUTOS
LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
EDUCACIÓN AIDITIVA E VOGAL	60 MINUTOS

<b>GRAO PROFESIONAL</b>		
<b>(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)</b>		
<b>CORDA FRICCIONADA, VENTO MADEIRA, VENTO METAL, E PERCUSIÓN</b>		
<b>CURSO</b>	<b>MATERIA</b>	<b>DURACIÓN</b>
<b>1º e 2º CURSOS</b>	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
<b>3º CURSO</b>	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	NOVAS TECNOLOXÍAS	60 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
<b>4º CURSO</b>	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
<b>5º CURSO</b>	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
<b>6º CURSO</b>	INSTRUMENTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS

	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	ORQUESTRA/BANDA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

<b>GRAO PROFESIONAL</b>		
<b>(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)</b>		
<b>CANTO</b>		
<b>CURSO</b>	<b>MATERIA</b>	<b>DURACIÓN</b>
<b>1º e 2º CURSOS</b>	CANTO	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	90 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
<b>3º CURSO</b>	CANTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	60 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
<b>4º CURSO</b>	CANTO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
<b>5º CURSO</b>	CANTO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
<b>6º CURSO</b>	<b>CANTO</b>	<b>60 MINUTOS</b>



	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	IDIOMAS APLICADOS AO CANTO	90 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

<b>GRAO PROFESIONAL</b>		
<b>(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)</b>		
<b>PIANO</b>		
<b>CURSO</b>	<b>MATERIA</b>	<b>DURACIÓN</b>
<b>1º e 2º CURSOS</b>	PIANO	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
<b>3º CURSO</b>	PIANO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	NOVAS TECNOLOXÍAS	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
<b>4º CURSO</b>	PIANO	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
<b>5º CURSO</b>	PIANO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS

6º CURSO	PIANO	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

<b>GRAO PROFESIONAL</b>		
(SEGUNDO O DECRETO 203/2007 DE 27 DE SETEMBRO)		
GUITARRA		
CURSO	MATERIA	DURACIÓN
1º e 2º CURSOS	GUITARRA	60 MINUTOS
	LINGUAXE MUSICAL	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
3º CURSO	GUITARRA	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	NOVAS TECNOLOXÍAS	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
4º CURSO	GUITARRA	60 MINUTOS
	HARMONÍA	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	CONXUNTO	60 MINUTOS
5º CURSO	GUITARRA	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	HISTORIA DA MÚSICA	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS

	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
6º CURSO	GUIARRA	60 MINUTOS
	ANÁLISE MUSICAL	120 MINUTOS
	MÚSICA DE CÁMARA	60 MINUTOS
	CORO	60 MINUTOS
	PIANO COMPLEMENTARIO	30 MINUTOS
	REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	60 MINUTOS
	ITINERARIO	60 MINUTOS
	OPTATIVA	60 MINUTOS

Para o alumnado de 6º curso de Grao Profesional é obrigatorio cursar un dos Itinerarios a elixir polo alumno/a entre os seguintes:

- 1) Interpretación
- 2) Composición
- 3) Pedagogía
- 4) Musicoloxía

Aparte do Itinerario que a alumna/o elixa voluntariamente tamén deberá elixir unha materia optativa entre as ofertadas polo Conservatorio ou ben alternativamente outro itinerario dos anteriormente citados.

## 6. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico

O ensino musical posúe singularidades que lle son propias e que como docentes debemos de ter en conta en todo momento. Debido a estas singularidades os **principios metodolóxicos** que aplicaremos na aula deberán contemplar as diferentes situacións que, atendendo á diversidade do alumnado, como profesores nos poderemos atopar. Tendo en conta este punto de partida utilizaremos as seguintes metodoloxías:

- **Avaliación diagnóstica**, ao principio do curso, como punto de partida para coñecer as destrezas e condicións particulares de evolución das que parte cada alumno.
- **Avaliación formativa**, que empregaremos para comprobar a evolución do alumnado durante o proceso de formación e que nos axudará, chegado o caso a tomar as medidas correctoras que sexan precisas.
- **Planificación *personalizada***, na que o profesorado programará o traballo do alumno en función das súas necesidades específicas e tendo sempre en conta os obxectivos e contidos que constan nas respectivas programacións didácticas *aprobadas polo claustro de profesorado*.
- **Fomentar unha aprendizaxe *significativa***, na que o alumnado debe de construír o coñecemento conectando a nova información coa que xa ten, relacionándoa de xeito que produza un cambio cognitivo permanente. Esta aprendizaxe *significativa*, maniféstase de diferentes formas conforme ó contexto, aos distintos tipos de experiencias e a forma en que as relaciona cada alumno/a, servindo xa como *primeira medida de atención á diversidade*.

No tocante á **selección de material didáctico**, e tendo en conta as características propias de cada materia instrumental, ***cada departamento elaborará a relación de material didáctico que mellor considere para acadar con éxito tanto os obxectivos e contidos xerais como os específicos de cada curso e especialidade.***

Os criterios comúns para a selección serán os seguintes:

1. Deben ser unha ferramenta de apoio ou axuda para o aprendizaxe.
2. Deben ser útiles e funcionais.
3. A súa utilización e selección deben responder ao principio de racionalidade.
4. Deben axustarse aos medios dos que dispoñemos no noso centro.
5. Deben adaptarse ás características do contexto e do alumnado.

## 7. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas

---

Atendendo ao establecido no decreto 223/2010 a respecto do **seguimento das programacións didácticas** o Claustro do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela acorda establecer as seguintes directrices xerais para a elaboración e seguimento das mesmas:

1. Elaborar as programacións didácticas (seguindo o modelo establecido no punto 3 do artigo 42 do decreto 223/2010 de 30 de decembro, polo que se establece o ROC dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia) procurando que sexan documentos útiles, claros na súa redacción e accesibles ao alumnado.
2. Establecer como método de seguimento das programacións didácticas a celebración, cando menos unha vez ao mes, de reunións de departamento que inclúan este punto na orde do día, sen prexuízo dos métodos de seguimento que, poida establecer de xeito particular cada departamento didáctico dentro da súa autonomía.

## 8. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Segundo se establece na *Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia*, considéranse actividades culturais e de promoción das ensinanzas aquelas que, formando parte da programación xeral anual, teñen carácter diferenciado pola organización, temporalización, espazos ou recursos que utilizan. Estas actividades serán de dous tipos:

- Complementarias: así cabe considerar as audicións públicas, ou outras actividades análogas, realizadas no centro e no horario lectivo do centro.

- Extraescolares: así cabe considerar as actuacións fóra do horario e espazo lectivo, visitas, viaxes de estudo, conmemoracións e outras actividades análogas.

A xestión destas actividades no Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela farase seguindo estas directrices:

### Actividades organizadas e xestionadas polo equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Considéranse dentro deste punto as actividades culturais e de promoción das ensinanzas que contribúan de xeito importante á difusión e posta en valor da labor que desenvolve o centro dentro da súa contorna e/ ou que contribúan de xeito importante na oferta cultural da cidade tales coma: concertos de grupos de cámara, orquestras ou outras agrupacións do centro, conferencias, publicacións, gravacións, así coma calquera outra organizada ou participada polo alumnado ou profesorado do centro que teña unha importante repercusión dentro do ámbito local ou comarcal.

Unha vez escoitadas as propostas dos departamentos didácticos e elaborado o programa anual de actividades do curso (dentro do capítulo III PXA do centro) estas actividades serán organizadas e xestionadas polo equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas do centro ou, de ser necesario, directamente pola dirección do centro contando coa colaboración do profesorado que sexa preciso.

### Requisitos e directrices sobre a organización e xestión destas actividades

- a) Estas actividades deberán facerse constar na PXA do centro (aprobación antes do 15 de novembro).
- b) Os departamentos didácticos poden propoñer actividades á dirección do centro dentro dos prazos establecidos que, con carácter xeral, será dende o comezo do curso ata finais do mes de outubro.
- c) En ningún caso poderán ter ánimo de lucro e/ou beneficio económico para ningún dos participantes.
- d) As actividades realizadas non poderán entrar en competencia e/ou confito con outras actividades culturais de carácter profesional, nin os participantes e/ou agrupacións do centro poderán suplir a músicos en concertos ou actividades de agrupacións do ámbito profesional.

- e) Cada actividade proposta deberá acompañarse dun informe no que se faga constar as características, participantes, planificación temporal, necesidades de material e transporte e previsión de gastos e/ou ingresos.
- f) Estas actividades culturais e de promoción das ensinanzas deberán ser aprobadas polo consello escolar. A xestión e organización destas actividades dependerá do equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas, ou directamente da dirección do centro, no caso de non existir ou de calquera outra circunstancia que o faga necesario.
- g) O alumnado que participe en cada actividade, ou os seus titores legais no caso de seren menores de idade, deberán autorizar de forma expresa dita participación mediante o documento correspondente.
- h) Unha vez rematada cada actividade deberase realizar un informe - memoria seguindo o modelo establecido.

### Actividades organizadas e xestionadas polos departamentos didácticos

As demais actividades complementarias e/ou extraescolares non incluídas no punto anterior serán organizadas e xestionadas polas xefaturas dos departamentos correspondentes, contando coa colaboración do profesorado que sexa preciso.

En todo caso a principal finalidade das mesmas será reforzar e complementar a formación do alumnado do centro, tales coma audicións e concertos ou cursos de formación, masterclases e conferencias destinadas principalmente ao alumnado do centro.

Estas actividades desenvolveranse principalmente e con carácter xeral no centro e dentro do horario lectivo.

### Requisitos e directrices sobre a organización e xestión destas actividades

- a) No caso de precisar algún dos espazos do centro (auditorio, biblioteca aula de cámara ou calquera outro) deberase solicitar á dirección do centro nos prazos que se establezan, en todo caso nunca inferior a 15 días.
- b) Se se precisa de algunha impresión e/ou copia de cartalaría, programas de man ou semellante deberase solicitar con polo menos 3 días de antelación (hábeles). A solicitude farase á administración do centro, por correo electrónico no caso de impresións, achegando o documento a imprimir indicando características e número de copias.

- c) En toda a documentación impresa e nas publicacións de todas as actividades deberá figurar o nome e logo do centro e o nome do departamento organizador. Tamén se farán constar as entidades colaboradoras no caso de habelas. O centro poderá establecer algún modelo de cartalaría e/ou estilo para as publicacións das diferentes actividades, que neste caso se deberá respectar.
- d) Para a publicación de información ou promoción de unha actividade na web do centro ou en calquera outro medio deberase enviar a documentación á Vicedirección con polo menos 7 días de antelación.
- e) As actividades que se realicen fora do centro deberán contar coa autorización previa do Consello Escolar do centro e a autorización expresa do alumnado participante, ou o seus titores legais no caso de ser menores de idade.
- f) Calquera colaboración nunha actividade por parte de algunha outra institución, centro de estudos ou empresa deberá ser valorada e autorizada pola dirección do centro.

## **9. Directrices para o funcionamento adecuado das titorías**

A acción titorial, xunto coa orientación do alumnado, forman parte da función docente, e como tales levaranse a cabo ao longo de cada un dos graos elemental e profesional que se imparten nas ensinanzas do Conservatorio. O/a titor/a será o/a profesor/a da especialidade instrumental e terá a responsabilidade de coordinar tanto a avaliación do alumnado coma os procesos de ensino-aprendizaxe, ademais da súa orientación persoal cando sexa necesario. Dita responsabilidade do profesorado de instrumento non exclúe a responsabilidade do resto do equipo docente na acción titorial do alumnado, xa que esta ha de ser unha labor colectiva. A principal función do profesor de instrumento ou canto no seu caso será a de coordinar a acción de todo o profesorado de un alumno/a dado. O traballo dos/as titores/as será supervisado pola Coordinación do grao elemental no seu caso e a Xefatura de Estudos.

Tanto o profesorado de instrumento como o de materias comúns disporá de unha hora semanal de titoría para atender ao alumnado, nais, pais ou titores legais dentro da súa



función de titorización.

O horario de titoría será publicado a principio do curso dentro da PXA do Conservatorio.

## **Obxectivos da Acción tutorial**

### **En relación ao desenvolvemento psicolóxico e social do alumnado.**

- 1) Favorecer a correcta integración do alumnado no Centro.
- 2) Desenvolver no alumnado o mellor grao de autoestima e coñecemento persoal.
- 3) Axudar e aconsellar ao alumnado na toma de decisións vocacionais (optativas, especialidades, estudos simultáneos, etc.).
- 4) Impulsar a participación do alumnado en actividades non lectivas do Centro (audicións, concertos, concursos, etc.).

### **En relación ao proceso de ensino-aprendizaxe**

1. Detectar as dificultades e carencias previas.
2. Orientar ao alumnado nas técnicas de estudo.
3. Coordinar os procesos de avaliación e promoción do alumnado.
4. Facilitar a reflexión sobre o proceso de aprendizaxe persoal.
5. Coordinar o axuste das programacións ás necesidades do alumnado.
6. Orientar as familias na súa labor educativa.
7. Promover a participación das familias no Centro.
8. Proporcionar información sobre a aprendizaxe dos seus fillos/as.
9. Solicitar a súa colaboración nos estudos dos seus fillos/as.
10. Informar sobre as saídas profesionais e o xeito de acceder a elas.

## **Funcións dos distintos responsables da acción tutorial**

É misión do Equipo Directivo informar da organización xeral do Centro, informar sobre os criterios e organización das probas de acceso no Centro, elaborar o plan de atención tutorial xeral e planificar as xuntas de avaliación.

Corresponde ao profesorado non titor coordinarse entre o profesorado que imparte docencia a grupos do mesmo curso e nivel, cumprindo os acordos acadados, e mantendo actualizada a metodoloxía didáctica.

Corresponde aos profesores titores a titoría do alumnado matriculado nos cursos en que imparta docencia e, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizando, cando menos as seguintes funcións co alumnado e as familias:

- Proporcionar ao principio de curso ao alumnado, e se é o caso aos seus pais, nais ou titores legais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde pode consultar todo o referente a horarios de titoría, calendario escolar, horarios, actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- Proporcionar ao alumnado, en relación coas Programacións Didácticas a información, cando menos, dos criterios de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles para aprobar o curso.
- Realizar unha avaliación inicial do alumnado para establecer as medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos obxectivos do curso que imparta.
- Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades individuais, co obxecto de facilitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Facilitar a integración do alumnado e fomentar a súa participación nas actividades do Conservatorio.
- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración coa persoa delegada do grupo, nas problemáticas que se presenten.

- Cumprimentar os documentos oficiais relativos ao seu alumnado.
- Controlar a falta de asistencia do alumnado e ter informada á xefatura de estudos mediante os procedementos que estableza a dirección.
- Fomentar a participación nas actividades a desenvolver polo Conservatorio, dentro e fóra del.

Por parte dos departamentos didácticos farase un seguimento mensual do cumprimento da programación das distintas especialidades e materias que compoñen Departamento.

Tendo en conta que a acción titorial e fundamental para o aproveitamento dos estudos, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela acorda que as directrices básicas sobre as que se realizará o Plan de Acción Titorial sexan as seguintes:

- O profesorado titor deberá de manter contacto frecuente co equipo docente de cada alumno/a para coñecer a situación particular e a evolución do mesmo no Centro, e para acordar conxuntamente as medidas que mellor favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Faise a recomendación de que o profesorado titor teña polo menos unha reunión trimestral co alumnado independentemente do seu rendemento académico.
- Dentro da función titorial deberá de terse en conta o asesoramento ao alumnado sobre os itinerarios e optativas que mellor favorezan a cada alumna/o de acordo coas súas competencias e expectativas de futuro.
- Deberá de asesorarse ao alumnado sobre as medidas que favorezan o seu rendemento académico, a súa traxectoria, así como as súas expectativas profesionais.

Par a solicitude da titoría haberá un documento a disposición das familias na conserxería e na páxina web. De cada sesión de titoría quedará constancia documental recollida

polo profesor na que conste ao menos o motivo da titoría e os acordos acadados, se é o caso, polos participantes, ou calquera outro feito relevante.

## 10. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación

---

As tecnoloxías da información e da comunicación forman parte da nosa vida cotiá, tanto fora como dentro do Conservatorio. No que afecta aos estudos de música o alumnado dispón, a través de internet e con acceso directo dende o ordenador e mesmo desde o seu teléfono, de unha innumerable cantidade de música para a súa escoita. Pode comparar distintas versións de unha obra musical, pode atopar a maior parte do repertorio existente para calquera instrumento ata mediados do século XX en bibliotecas virtuais, dispón de programas de edición de partituras, de audio e video, convertidores de formato, etc. En definitiva, para o alumnado as tecnoloxías da información e da comunicación son unha ferramenta útil e atractiva dentro dos seus estudos de música.

Dentro do plan de utilización de ditas tecnoloxías o Conservatorio dispón de proxectores e pantallas dixitais na maioría de aulas de materias non instrumentais, dispón de equipos de audio en todas as aulas a disposición do profesorado, de conexión de datos a internet a través de cable ou wifi nas aulas, de ordenadores nas aulas de materias non instrumentais, de unha aula de novas tecnoloxías dotada con 15 ordenadores para dita materia e dispón de unha biblioteca con ordenadores e acceso a internet, onde o alumnado pode acceder de xeito gratuíto a todas as necesidades que teña de busca de información, partituras, consultas sobre outros centros, visionado de videos, busca de materiais de historia ou organolóxicos, etc.

O Conservatorio tamén dispón de un equipo de gravación de audio e video no Auditorio para a realización de gravacións a disposición do profesorado do Centro.

Ditas gravacións poderán realizarse previa petición por escrito á secretaría do Centro.

No tocante á utilización das tecnoloxías da información na difusión das actividades do Centro o Conservatorio dispón de unha páxina web dende a cal se pode acceder a toda a información do Centro, que se actualizará constantemente, e na que se poderá acceder particularmente a información sobre as programacións didácticas, calendario escolar, probas de acceso, cursos, concertos, etc.

O Conservatorio tamén dispón de unha pantalla na sala principal dende a que se fornece información e difusión das actividades do Centro.

O punto de información a través de internet para o alumnado, nais, pais, e titores legais será a páxina web do Centro, <http://www.conservatoriosantiago.gal>, o correo electrónico para recepción de peticións por parte da comunidade educativa será [cmus.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.gal).

Para información puntual que sexa de máximo interese da comunidade educativa o Conservatorio remitiraa por correo electrónico ao correo persoal de cada un dos membros de dita comunidade educativa segundo sexa o caso.

## 11. Plan de avaliación

---

De todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión do conservatorio A avaliación é unha ferramenta imprescindible para a innovación e a mellora constante. Dita avaliación poderíamos describila como o procedemento de recollida de datos relevantes para poñer ao servizo da comunidade educativa, co obxectivo de comprender mellor o que sucede no Centro e poder deseñar estratexias para melloralo.

A avaliación poderíamos dividila en tres apartados:

### 1) **Avaliación diagnóstica ou inicial:**

Esta é a avaliación feita co fin de poder propoñer un Proxecto Educativo para o Conservatorio. É unha avaliación que trata de establecer o punto de partida no que nos atopamos na actualidade e os aspectos a mellorar para deseñar unha

estratexia de actuación. Debido a ela estamos en disposición de trazar unhas liñas a seguir.

**2) Avaliación de proceso:**

3) A avaliación de proceso é a que nos vai a permitir facer un seguimento constante do Proxecto Educativo. O Proxecto Educativo trasládase anualmente á PXA do Centro e a avaliación da PXA será unha parte da avaliación do Proxecto. Poderemos distinguir dentro dela dous apartados diferenciados:

3.1) Análise por parte do equipo directivo: como responsables do proxecto é a nosa obriga mantelo controlado en todo momento; para elo reuniremonos ao principio do curso para establecer pautas a seguir, unha vez por avaliación, para corrixir os desaxustes que se puideran ter producido, e a final de curso para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos e poñer novas pautas de continuidade.

3.2) Análise en colaboración cos órganos colexiados: facendo un seguimento dos obxectivos e das disfuncións que se puideran producir dentro do PEC e da PXA, ou aspectos que non dan o resultado esperado, en reunións dedicadas a este fin por parte dos órganos colexiados do Conservatorio.

**4) Avaliación de impacto ou resultado:**

Esta avaliación realizarase ao final de cada curso académico e analizará os seguintes parámetros: Funcionamento dos Órganos Colexiados do Centro e dos Órganos de Goberno. Participación nos mesmos. Estado do Centro e consecución dos obxectivos en relación co espazo. Xestión dos Recursos humanos e materiais. Evolución da formación do profesorado e participación do mesmo en proxectos de innovación educativa. Actividades complementarias e extraescolares, e cumprimento dos obxectivos propostos.

Co obxectivo de que o proceso de avaliación sexa o mais obxectivo posible este realizarase elaborando cuestionarios para toda a comunidade educativa nos que se prevé a participación do Consello Escolar. Ditos cuestionarios permitirannos extraer conclusións da

maioría dos aspectos a avaliar axudando de este xeito a mellorar os obxectivos, e sobre todo as liñas de actuación.

A avaliación concreta poderíamos detallala do xeito seguinte:

- **AVALIACIÓN DOS PROXECTOS PEDAGÓXICOS**

**PEC, PXA, PXAA, e PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

Todos estes documentos requiren de unha avaliación por parte dos Órganos Colexiados do Centro.

O Proxecto Educativo do Centro someterase a avaliación anual a través dos restantes documentos para se é o caso revisalo ao principio de cada curso académico.

A PXA e a PXAA someterase a avaliación trimestralmente por parte do Claustro e do Consello Escolar, cada un dentro das súas competencias para avaliar o seu seguimento e detectar posibles desviacións ou melloras.

As programacións Didácticas de cada Departamento será sometidas a avaliación mensualmente mediante o seguimento mensual e recollerase as incidencias na acta do dito Departamento.

- **AVALIACIÓN DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

Esta avaliación estará enfocada á avaliación dos Órganos de Goberno do Conservatorio, Órganos Colexiados, Persoal Docente e non Docente.

Esta avaliación servirá para detectar o rendemento dos distintos órganos corrixindo posibles deficiencias mediante as medidas de corrección oportunas, asegurando así unha mellor adecuación as necesidades.

Esta avaliación pode ser feita en gran medida a través das posibles suxestións que vaian xurdindo ao longo do curso, mediante a comprobación do cumprimento das obrigas e a observación de documentos tales como convocatorias de reunións, actas, etc. E tamén mediante a comprobación do cumprimento dos prazos de entrega e envío da documentación do Conservatorio, tanto interna como externamente.

- **AVALIACIÓN DO PROXECTO DE XESTIÓN**

O Conservatorio dentro da súa autonomía ten a facultade de xestionar a súa propia actividade e os seus recursos económicos para adecualos á súa propia realidade e necesidades.

Esta autonomía concrétase no proxecto de xestión que debe de aprobado polo Consello Escolar, aprobado pola Dirección do Centro e remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, velando ademais polo seu cumprimento o Consello Escolar do Centro.

O Proxecto de Xestión do Centro recolle a utilización dos recursos do Centro, conservación das instalacións, reposición de material deteriorado, material funxible, subministracións, equipamentos, etc.

A súa avaliación estará encamiñada a observar en principio o propio cumprimento do plan para detectar posibles disfuncións, e despois observar se a asignación de cantidades e adecuada as necesidades do Centro, se a conservación das instalacións é correcta, se a dotación de material instrumental e non instrumental e suficiente, ou se os gastos son transparentes e claros.

Esta avaliación deberá de ser realizada polo Consello Escolar do Centro.

## **12. Proxecto lingüístico**

---

### **Competencia lingüística**

O sistema educativo galego establece coma un obxectivo básico na súa lexislación a necesidade de garantir a todo o alumnado a capacidade para utilizar as dúas linguas oficiais de Galicia, tanto o galego coma o castelán, cando remate o ensino obrigatorio. A este imperativo legal uniuse nos últimos anos o obxectivo de fomentar tamén a aprendizaxe dunha, ou máis, linguas estranxeiras e acadar un nivel mínimo de competencia lingüística nas mesmas.



Este conservatorio, coma centro educativo que é, debe contribuír á formación de todo o noso alumnado tamén neste aspecto, tendo en conta as características do mesmo e da súa contorna. A dirección do centro, coa colaboración do profesorado e do resto do persoal, está comprometida coa tarefa establecendo unha oferta equilibrada de materias en galego e en castelán que garanta que o alumno acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

## Marco legal

- O artigo 3º da Constitución Española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.
- Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5º, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Decreto 79/2010, do 20 de maio
- Este proxecto está realizado dentro dos parámetros do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. No artigo 2º, referido ó seu ámbito de aplicación, dispón que:

O presente decreto é de aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos, así como nos privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **CAPÍTULO II DO USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**

**Artigo 3º.-A lingua na Administración educativa.**

- Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.
- As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.
- Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- No artigo 4º enumera os principios a partir dos que se elabora este decreto, que son os seguintes:

- 1) Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

- 2) Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- 3) Participar e colaborar coas familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
- 4) Promover a dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

– No seu artigo 9º fai referencia expresa ás ensinanzas de réxime especial:

“...nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada Centro Educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de Centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.”

## Situación sociolingüística do Centro

### Resultados da enquisa sobre hábitos lingüísticos no CMUS de Santiago de Compostela no curso 2020-2021:

Mostra:

- Alumnado: 64
- Nais/Pais/Titores: 49
- Profesorado: 23

#### 1: Hábitos lingüísticos do alumnado:

O alumnado participante tivo maioritariamente o galego como lingua materna (31) ou aprendeu a falar nun ambiente bilingüe (19), fronte ós 13 enquisados que se educaron exclusivamente en castelán e 1 noutras linguas.

Detéctase unha maior transmisión do galego por vía paterna respecto á materna, mais chaman a atención o seu uso relativamente baixo cos avós (42,4%) e inesperadamente elevado entre irmáns (56,3%), contrariando a tendencia xeralmente observada a unha menor presenza canto máis próximo en idade sexa o interlocutor:

Lingua no entorno familiar	Pai	Nai	Irmáns	Avós	Outros familiares
So castelán	14,1%	18,8%	12,5%	18,8%	17,2%
Sobre todo castelán	12,5%	14,1%	9,4%	7,8%	15,6%
Castelán e galego por igual	10,9%	10,9%	10,9%	10,9%	7,8%
Sobre todo galego	4,7%	4,7%	7,8%	4,7%	18,8%
So galego	54,7%	50,0%	56,3%	42,2%	39,1%
Outras	1,6%	1,6%	1,6%	1,6%	0,0%
Non contesta	1,6%	0,0%	1,6%	14,1%	1,6%

Figura 1: Lingua de uso no entorno familiar




Figura 3: Lingua habitual co pai




Figura 2: Lingua habitual coa nai




Figura 4: Lingua habitual entre irmáns




Figura 5: Lingua habitual cos avós

As diferencias entre o alumnado procedente do Concello compostelán (30) respecto ao de outros municipios (34), son considerables:

Porcentaxes uso galego:	Co Pai		Coa Nai		Entre irmáns	
	Santiago	Outras localidades	Santiago	Outras Localidades	Santiago	Outras localidades
So galego	40,0%	67,6%	40,0%	67,6%	36,7%	73,5%
Sobre todo galego	6,7%	2,9%	6,7%	2,9%	13,3%	2,9%
Igual	16,7%	5,9%	16,7%	5,9%	10,0%	11,8%
Sobre todo castelán	16,7%	8,8%	16,7%	8,8%	10,0%	8,8%
So castelán	16,7%	11,8%	16,7%	11,8%	23,3%	2,9%
Outras	3,3%	0,0%	3,3%	0,0%	3,3%	0,0%
Non contesta	0,0%	2,9%	0,0%	2,9%	3,3%	0,0%

Figura 6: Comparación do uso do galego entre Santiago e outros concellos




Figura 7: Comparación da lingua habitual coa nai




Figura 8: Comparación da lingua habitual co pai




Figura 9: Comparación da lingua habitual entre irmáns

Dentro do Conservatorio, o uso porcentual do galego cae en torno a 10 puntos respecto ó observado dentro do núcleo familiar:

Lingua no conservatorio	Cos compañeiros	Co profesorado	Co persoal non docente
So castelán	15,6%	12,5%	14,1%
Sobre todo castelán	14,1%	17,2%	12,5%
Por igual	14,1%	12,5%	14,1%
Sobre todo galego	14,1%	15,6%	12,5%
So galego	42,2%	42,2%	45,3%

Figura 10: Lingua de uso no CMUS

En todo caso, parécenos salientable destacar que a presenza da lingua galega é significativamente superior á atopada noutros ambientes formais:

Uso noutros ámbitos	Na escola/instituto	Nos comercios	Con persoas descoñecidas	Coas amizades
Só castelán	12,5%	17,2%	17,5%	15,6%
Sobre todo castelán	21,9%	10,9%	10,0%	18,8%
Castelán e galego por igual	17,2%	20,3%	22,5%	15,6%
Sobre todo galego	12,5%	15,6%	27,5%	6,3%
Só galego	35,9%	35,9%	22,5%	43,8%

Figura 11: Lingua de uso noutros ámbitos

Esta información é coherente ca obtida dos cuestionarios a nais e pais, os cales poñen de manifesto, ademais, unha **mudanza cara un maior uso do castelán ó comezar a escolarización**. Esta faise máis acusada canto máis “galegofalante puro” fose o alumnado. Así, dos 20 (40% do total) participantes que declaran terse producido un cambio nos hábitos lingüísticos, 6 aprenderan a falar exclusivamente en galego (un 66,6% do total), 5 principalmente en galego (50% do total), 4 en galego e castelán por igual (44,4% do total) e 5 maioritariamente en castelán (24% do total). **Isto parece delatar á socialización dentro dos centros escolares como un importante catalizador cara o emprego da lingua castelá.**

## 2: Uso do galego segundo departamentos didácticos:

A pesar do pequeno tamaño da mostra, as variacións detectadas entre os hábitos lingüísticos dos diferentes departamentos do CMUS parécennos o bastante considerables como para ser desagregadas nunha epígrafe aparte.

Con diferenza, atopamos a **maior proporción de galegofalantes** dentro do alumnado de **Vento Metal** e, aínda que a **tendencia a un maior uso do castelán** é consistente entre todas as especialidades, é **especialmente acusada nos Departamentos de Corda e Piano**.

Alumnado Corda	Pai	Nai	Irmáns	Compañeiros	Profesorado
So galego	40	20	40	10	10
Sobre todo galego	0	0	10	10	10
Igual	30	40	20	30	40
Sobre todo castelán	0	10	10	50	40
So castelán	30	30	10	0	0
Outros	0	0	10	0	0

Figura 12: Departamento de Corda (tamaño da mostra=10)

Alumnado Madeira	Pai	Nai	Irmáns	Compañeiros	Profesorado
So galego	56,5	52,2	56,5	39,1	39,1
Sobre todo galego	4,3	8,7	4,3	13,0	17,4
Igual	4,3	4,3	13,0	13,0	21,7
Sobre todo castelán	13,0	13,0	13,0	21,7	0,0
So castelán	13,0	17,4	8,7	13,0	21,7
Outros	8,7	4,3	4,3	0,0	0,0

Figura 13: Departamento de Vento Madeira (tamaño da mostra=23)

Alumnado Metal	Pai	Nai	Irmáns	Compañeiros	Profesorado
So galego	83,3	75,0	75,0	75,0	58,3
Sobre todo galego	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0
Igual	0,0	0,0	0,0	8,3	8,3
Sobre todo castelán	0,0	8,3	8,3	8,3	0,0
So castelán	16,7	16,7	16,7	8,3	8,3
Outros	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Figura 14: Departamento de Vento Metal (tamaño da mostra=12)



Alumnado Guitarra	Pai	Nai	Irmáns	Compañeiros	Profesorado
So galego	50,0	33,3	33,3	16,7	16,7
Sobre todo galego	0,0	16,7	33,3	16,7	33,3
Igual	16,7	0,0	16,7	16,7	0,0
Sobre todo castelán	0,0	33,3	16,7	33,3	16,7
So castelán	33,3	16,7	0,0	16,7	33,3
Outros	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Figura 15: Departamento de Guitarra (tamaño da mostra=6)

Alumnado Piano	Pai	Nai	Irmáns	Compañeiros	Profesorado
So galego	55,6	55,6	55,6	22,2	22,2
Sobre todo galego	0,0	0,0	11,1	33,3	33,3
Igual	11,1	11,1	0,0	22,2	11,1
Sobre todo castelán	11,1	11,1	11,1	11,1	0,0
So castelán	22,2	22,2	22,2	11,1	33,3
Outros	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Figura 16: Departamento de Piano (tamaño da mostra=9)

O reducido tamaño mostral non permite extraer conclusións do resto de Departamentos.

Así e todo, nas enquisas realizadas ó profesorado apréciase un **esfuerzo consciente por parte dos participantes cara o uso do galego nas aulas:**

	Total	Guitarra	Percusión	Piano	Vento madeira	Corda	Vento metal	Fundamentos	Linguaxe
Exclusivamente galego	26,1%	100,0%	0,0%	33,3%	0,0%	0,0%	100,0%	33,3%	0,0%
Principalmente galego	26,1%	0,0%	100,0%	0,0%	50,0%	0,0%	0,0%	33,3%	0,0%
Galego e castelán por igual	21,7%	0,0%	0,0%	66,7%	25,0%	50,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Maioritariamente castelán	17,4%	0,0%	0,0%	0,0%	25,0%	50,0%	0,0%	0,0%	50,0%
Exclusivamente castelán	8,7%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	33,3%	50,0%

Figura 17: Usos lingüísticos do profesorado nas aulas

Exclusivamente galego	13,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	66,7%	0,0%	0,0%
Principalmente galego	30,4%	0,0%	66,7%	66,7%	0,0%	25,0%	33,3%	33,3%	0,0%
Galego e castelán por igual	26,1%	0,0%	33,3%	33,3%	50,0%	50,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Maioritariamente castelán	21,7%	0,0%	0,0%	0,0%	50,0%	25,0%	0,0%	33,3%	50,0%
Exclusivamente castelán	8,7%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	33,3%	50,0%

Figura 18: Usos lingüísticos habituais do profesorado




Figura 20: Usos lingüísticos nas aulas




Figura 19: Usos habituais do profesorado

### 3: Valoración das competencias lingüísticas e da lingua galega en distintos ámbitos:

En xeral, o alumnado valora moi positivamente a súa competencia en lingua galega, rondando o 90% as puntuacións máis altas en canto a comprensión e o 70% as referidas á expresión. No outro extremo, so un 4,7% dos participantes consideran ter un nivel competencial baixo:

Nivel competencia	Comprensión oral	Comprensión escrita	Expresión Oral	Expresión escrita
5	90,6%	90,6%	71,9%	70,3%
4	4,7%	3,1%	21,9%	17,2%
3	0,0%	1,6%	1,6%	4,7%
2	0,0%	0,0%	0,0%	3,1%
1	4,7%	4,7%	4,7%	4,7%

Figura 21: Valoración do nivel de competencia en lingua galega

Pola súa parte o profesorado considera maioritariamente ter un nivel axeitado de **competencias lingüísticas** para impartir aulas en galego, e a predisposición a realizar formación adicional é moderadamente boa:




Figura 23: Dominio do galego para a actividade docente




Figura 22: Disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización

Por último, os enunciados referidos a opinións en torno á adecuación do uso do noso idioma en distintas situacións, obtivéronse os seguintes resultados:

a: O galego é unha lingua tan válida como calquera outra:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
73,4%	3,1%	3,1%	0%	20,3%

b: O galego é unha lingua axeitada para falar na cidade:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
76,6	0	1,6	1,6	20,3

c: Gustaríame ter máis videoxogos, series e libros traducidos ó galego:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
59,4	7,8	12,5	1,6	18,8

d: Gustaríame ter máis clases e materiais didácticos en galego:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
54,7	7,8	17,2	1,6	18,8

e: O galego é un idioma útil que debe conservarse e transmitirse ás seguintes xeracións:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
71,9	4,7	3,1	1,6	18,8

f: O galego pode abrimme portas para aprender outras linguas:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
67,2%	9,4	4,7	1,6	17,2

g: Fora de Galicia, o galego é útil:

Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Indiferente	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo
34,4	29,7	12,5	7,8	15,6

A valoración xeral da lingua é boa, mais chama a atención a relativamente baixa puntuación sobre a súa utilidade fora de Galicia ou como lingua ponte, así como a pouca predisposición a consumir produtos culturais ou recibir máis clases en galego.

## Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega

As accións que se veñen levando a cabo para o fomento da lingua galega no centro son produto dun proxecto conxunto desenvolvido desde a Biblioteca, os Departamentos Didácticos, a Vicedirección do centro e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, e materialízase a través de actividades e colaboracións para que o alumnado e o resto da comunidade educativa adopten o galego como idioma vehicular principal tanto nos ámbitos e contextos formais como nos informais.

A planificación lingüística no ámbito educativo persegue acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais de Galicia e para isto intenta garantir:

- 5) Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
- 6) Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.
- 7) Que todo o alumnado adquira unha boa competencia en galego e castelán.

Aínda que estes obxectivos xerais están concibidos pensando sobre todo no ensino obrigatorio do alumnado e o maior peso desta tarefa recaerá sobre as escolas e

institutos, o Conservatorio pretende, pola súa parte, contribuír cunha proposta de materias que camiñe na liña das actuacións dos outros ámbitos educativos que integran a formación de dito alumnado.

Dende o Conservatorio trátase de aproveitar as actividades extraescolares e complementarias como un medio ideal para introducir o alumnado na vida do centro e para implicar os alumnos/as con escasa competencia lingüística en galego nas actividades organizadas dende os Departamentos:

## Xestión do Conservatorio

As decisións que se tomen na xestión do Centro non poderán estar nunca en contradición co ordenamento legal, non poderán manter esixencias de menor nivel, nin ser tan ambiguas que poidan permitir a inhibición e o non cumprimento do lexislado.

## Administración

As relacións entre o Centro e a Administración desenvolveranse empregando o galego como lingua de comunicación.

## Documentación oficial.

A documentación elaborada no Conservatorio podería dividirse en tres apartados;

Documentación oficial:

- 5) Documentación interna do Centro, como arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados.
- 6) Actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas, etc.
- 7) Documentación económica:
- 8) Recibos, facturas, inventarios, documentos contables, etc.

9) Comunicación oral:

10) Asembleas, reunións de traballo, comisións, etc.

Toda esta documentación será elaborada en galego.

### Información á comunidade educativa

A rotulación externa e interna do Centro, horarios, taboleiros de anuncios, páxina web, carteis, calendarios, catalogación da Biblioteca, catalogación do material audiovisual, etc, será realizada en galego.

### Xestión pedagóxica

A xestión pedagóxica constitúe o espazo de intervención conformado por todos os documentos producidos coa finalidade de ordenar a planificación e a xestión pedagóxicas do Conservatorio. Dentro de este apartado poderíamos detallar:

- Documentación de planificación educativa: Proxecto Educativo de Centro, proxectos curriculares, planificación das actividades docentes anuais, programación de Departamentos Didácticos, etc.
- Documentación de reforzo, formación, etc: adaptacións curriculares, proxectos de formación do profesorado nos centros, proxectos de grupos de traballo, etc.
- Documentación de avaliación e control: memoria anual do Centro, informes de avaliación, expedientes do alumnado, boletíns de cualificacións, etc.

### Interacción didáctica

Como se dixo anteriormente, son todos os Departamentos e todo o profesorado os que deben ter presente o labor lingüístico, con especial mención á Biblioteca e ao Club de Lectura do centro, xa que desempeñan un papel clave para o fomento da lectura e

o acceso á información e, consecuentemente, para a mellora da competencia lectora e dixital do alumnado.

A Biblioteca tratará de proporcionar materiais informativos actualizados, diversos, apropiados e suficientes en número e calidade para a mellora das aprendizaxes en todos as linguas nas que se ensina no centro.

Dentro desta interacción, destacamos dúas casuísticas de especial impacto na práctica docente:

- A actuación do docente

O/a docente é referente de lingua e promotor dos usos lingüísticos pola adecuación, propiedade e corrección da lingua que utiliza, pola variedade de funcións para as que usa a lingua e polas actitudes que mantén cara a ela.

- O clima da clase

Dito clima deberá de favorecer unha actitude de integración e de valoración da nosa lingua e cultura, a través da rotulación, taboleiro de anuncios, murais, calendarios, horarios, carteis, etc.

## Relación co contexto sociofamiliar

Está conformado pola complexa rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación entre a comunidade educativa, e dentro dela poderemos distinguir:

- Comunicacions orais

Atención ao público, reunións coas familias, intervencións en actos oficiais, intervencións nos medios de comunicación, actividades extraescolares, campañas informativas do Centro, xornadas culturais, celebracións, etc.

- Comunicacions escritas



Circulares, follas informativas ás familias, notas de prensa, anuncios, cartas, páxina web, blogs, etc.

## Materias que se impartirán en galego

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, non existe referencia ás ensinanzas artísticas ao respecto das materias que deban ser impartidas en cada unha das linguas. O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela acorda que para garantir a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais de Galicia, as materias que serán impartidas en galego, decidiranse cada comezo de curso na reunión inicial da Comisión de Coordinación Pedagóxica, pero garantindo en calquera caso unha distribución equilibrada entre ambas linguas.

### Grao elemental

- Linguaxe Musical
- Educación Auditiva

### Grao profesional

- Linguaxe Musical
- Harmonía
- Historia da Música
- Análise
- Novas Tecnoloxías
- Orquestra / Banda/ Coro

## Addenda anual

O equipo directivo será coherente co proceso da calidade que se desexa desenvolver no Centro e valorará o grao de cumprimento do Proxecto, dando conta de logros e fracasos e das accións realizadas para mellorar o grao de satisfacción da comunidade escolar.

Empregaranse para a súa avaliación procedementos baseados nunha observación planificada, sistemática e rexistrada, recorrendo, así mesmo, a sistemas de valoración obxectivos que quedarán reflectidos en informes e estatísticas.

Serán todos os sectores da comunidade educativa, a través de diferentes enquisas, os que avalíen e fagan un seguimento deste proxecto.

En base ao liderado compartido e co máximo consenso posible no Centro, tratarase de consolidar os acertos e de corrixir os eventuais erros de organización e posta en práctica.

En relación á promoción de linguas estranxeiras, o Conservatorio participa actualmente no programa experimental de seccións bilingües para ensinanzas de réxime especial cunha sección de lingua inglesa.

É un obxectivo do Centro seguir ofertando estas ensinanzas, así como ampliar a oferta a outras linguas, participando en diferentes programas de innovación educativa e de potenciación de linguas estranxeiras.

*O presente documento foi aprobado nos seus aspectos pedagóxicos polo claustro de profesorado e o documento definitivo polo Consello Escolar en reunións celebradas o día 24 de xuño de 2020.  
Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2021*

O Director,

*José Luis Quintás Carreira*